

## **Carmen Álvarez estréase como alcaldable de Folgoso do Courel cunha candidatura renovada nun 70%**

**A lista, da que tan só repiten 3 integrantes, pretende atender ás principais necesidades dos veciños do municipio da Montaña luguesa**

**A alcaldable anuncia que os principais eixos de actuación do seu goberno “darán resposta ás principais demandas e necesidades da cidadanía, co obxectivo de acabar co despoboamento que está a sufrir o concello ao ofrecer mellores servizos”**

**FOLGOSO DO COUREL, 5 DE MAIO DE 2015.-** A agrupación socialista de Folgoso do Courel, aposta por Carmen Álvarez para liderar a candidatura coa que o PSdeG deste municipio concorrerá ás eleccións municipais do 24 de maio. Trátase dunha lista formada por 11 integrantes, e profundamente renovada, nun 70%, pero que contará tamén coa experiencia dos máis veteranos.

Neste senso, Álvarez anuncia que os principais eixos de actuación do seu goberno atenderán ás principais demandas e necesidades da cidadanía co obxectivo de acabar co despoboamento que está a sufrir o concello. Para iso, no programa, en primeiro lugar, inclúen o fomento do emprego e a consolidación de empresas no municipio. Neste senso, apostarán pola potenciación dos sectores estratéxicos para o concello, como é a castaña ou o mel.

En segundo lugar, e relacionado co anterior, darán prioridade ao aproveitamento dos recursos que ofrece a Historia, a natureza, a paisaxe, etc., para mellorar a economía local. En terceiro lugar, á mellora dos servizos á cidadanía, co fin de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas “mellorando as comunicacións, a atención sanitaria, ou a atención aos nosos maiores”.

### **Goberno que escoita**

Para a alcaldable socialista “os que mandan no concello teñen que ser os veciños e non os alcaldes”, por iso, a súa proposta de goberno aposta por “escoitar unha a unha as súas necesidades e preocupacións para tratar de darlles a mellor solución posible”. Para este goberno aberto á cidadanía, Álvarez conta co apoio dos integrantes da lista coa que concorre o PSOE en Folgoso do Courel:

1. Carmen Álvarez Álvarez
2. Rosa María Potau Arza
3. José Rodríguez Arza
4. Eliseo Arias Lago
5. María Gloria Sanmartín Romero
6. Jessica Jato López
7. Aránzazu Rodríguez Méndez
8. Victor Manuel Rodríguez Gómez
9. José Luis Martínez Gancedo

Suplentes:

1. Emilia Balo Rodríguez
2. Domingo López Carrete